



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ENTIDADE PÚBLICA INSTRUMENTAL AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº 2 DA CIDADE DA CORUÑA ANTIGA SEDE DA DELEGACIÓN DE SANIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda asinou un **“Acordo de colaboración entre a Consellería de Facenda e a Axencia Galega de Infraestruturas para a realización do proxecto básico e de execución da reforma e rehabilitación funcional do edificio administrativo sito na rúa Gregorio Hernández nº 2 da cidade da Coruña antiga sede da Delegación de Sanidade”**

O instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de setembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: encargar á Axencia Galega de Infraestruturas a elaboración do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 DA CORUÑA)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Na insuficiencia de medios na Consellería de Facenda para a materialización das actividades de carácter xurídico, técnicas, materiais e de servizos e o alto grao de especialización e eficiencia adquirida pola experiencia na tramitación e xestión de contratos públicos polo persoal da AXI posibilita unha colaboración entrambos entes que permita garantir unha maior eficacia na tramitación, licitación e execución dos edificios administrativos, e, máis concretamente, coma acontece neste caso, da redacción do proxecto BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REFORMA E REHABILITACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO SITO NA RÚA GREGORIO HERNÁNDEZ Nº2 ao poder encargar á AXI a realización das actividades necesarias para a execución desta actuación, no marco proporcionado polo Lei 14/2013, do 26 de decembro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificio Administrativo San Caetano, bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 121 – fax 981 544 125



Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital do documento

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro